

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 22 DE AGOSTO DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: MARTINEZ DE LLANO OROSA JOSE</p> <p>Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:50 do día Vinte e dous de Agosto do Dous mil vinte e catro, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/164

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/08/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE TAQUILLAS INTELIGENTES EN EL MERCADO DE RIBEIRA" PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION EU (PRTR)""

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/165

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 14/08/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE ASEOS PÚBLICOS ECOEFICIENTES EN LUGARES DE INTERÉS TURÍSTICO" FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION-EU, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/179

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 16/08/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN COMO CONTRATO MENOR, DE LAS OBRAS “MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD EN EL ACCESO PRINCIPAL AL CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓGICA DE SAN ROQUE”. ACTUACIONES DE EMBELLECIMIENTO DEL LITORAL GALLEGO, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU, LÍNEA 3: TRANSICIÓN ACCESIBLE E INCLUSIVA PARA UN TURISMO MÁS COMPETITIVO: RIBEIRA, DESTINO LITORAL SOSTENIBLE: MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD EN EL CIA DE SAN ROQUE.””

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/191

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 19/08/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE LA OBRA “REHABILITACIÓN DEL CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓGICA DE SAN ROQUE”. ACTUACIONES DE EMBELLECIMIENTO DEL LITORAL GALLEGO, EN EL MARCO DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA, FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU, LÍNEA 1.””

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

14127 04.06.2024 MULTISERVICIOS UDESA S.L., en representación de ROSA MARÍA CRUJEIRAS REY, instalación fotovoltaica para autoconsumo con excedentes, ubicada sobre pérgola anexa á vivienda, na rúa da Cerca, 134, Aguiño.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

14424 06.06.2024 BEGOÑA PÉREZ ALBA, adecentar baixo, na rúa Alcalde Fernández Bermúdez, nº 60, baixo, Ribeira.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

13762 31.05.2024 SANTIAGO FARIÑA BAÑA, pintado de fachada na rúa Manuel Murguía, 19, Aguiño.



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

14184 04.06.2024 JOSÉ JAVIER SALVADO GONZÁLEZ, colocación de placas fotovoltaicas, no Alto do Rial, Castiñeiras.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12882 22.05.2024 CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L., en repres. de ANA MAYAN BLANCO, impermeabilización e canalón terraza, na rúa Alvaro Cunqueiro, 56, Ribeira.

10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16322 25.06.2024 JESÚS JOSÉ REGO GARCÍA, lavar e pintar a casa, no lugar de Sirves, 56, Olveira.

11.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Yolanda Saldeño Pérez

Visto o escrito presentado por **Yolanda Saldeño Pérez**, de data 19/08/2024 (Registro de entrada nº 20.729), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 3340407NH0134S00011TH.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 20/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400020729 do día 19 de agosto de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG



- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en diante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en diante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en diante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en diante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 3340407NH0134S00011TH, no seu plano 3.2 de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Palmeira), a escala E:1/2000 como solo urbano, Residencial extensiva unifamiliar agrupada, (Ordenanza 6.1), artigo 155 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.1- Residencial extensiva unifamiliar agrupada.**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano consolidadas de orixe agrícola ou mariñeiro, caracterizándose por unhas aliñacións non xeométricas, apiñadas, desordenadas cunha tendencia á compactación de mazás e o mantemento da horta-xardín nas parcelas maiores. O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos de xardinería existentes.

Obras admisibles Serán as obras preferentes as de: Conservación Consolidación Rehabilitación Restauración Permitíndose as de reforma e ampliación e as de obra novas. Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga se manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra e balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

Usos globais

- Uso global: residencial extensivo
- Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar
- Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal, nos seus niveis domésticos, coma os restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais, pesqueiras e agrícolas.

Tamén será admisible o uso dotacional na medida que poida equipar ao barrio dun servizo deficitario e respecte os umbrais domésticos de compatibilidade.

Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria para esta zona é a de vivenda unifamiliar agrupada, con flexibilidade para a súa adaptación ás características morfolóxicas do parcelario.

Tamén se pretende conseguir unha edificación integrada no núcleo tradicional existente, preservando a imaxe deste.

Parámetros da edificación

- Condicións da parcela
 - o Parcela mínima: 50 m²., non permitíndose a agrupación de parcelas que superen os 200 m. que puideran alterar considerablemente a tipoloxía parcelaria existente.



- Fronte mínima: Será de 6 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 3 m. e se cumpran o resto das condicións.

Condições de ocupación

- Posición - Recuados: A liña de edificación exterior coincidirá cas aliñacións definidas nos planos de ordenación, terá en xeral carácter obrigatorio.

Nos casos nos que os planos non estean definidos con precisión conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poida derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

A edificación situarase na parcela illada, entre medianeiras, ou acaroada á parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada. Todas as fachadas non acaroadas (vistas) terán tratamento igual á da fachada principal.

- Fondos edificables: O fondo máximo edificable establécese en 14 metros.

Condições de volume

- Altura da edificación:
 - Número de plantas; Baixo + unha planta e baixo cuberta. Permitiranse sotos, que poderán ocupar todo o subsolo da parcela.
 - H. máxima: 6,5 metros.
 - Altura de coroación: A cumieira situarase a 4,00 metros desde o último forxado.

Elementos arquitectónicos

- Cerramentos de parcela: Só se permitirá o cerramento das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 metros. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.
- Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos engadidos ao corpo principal da construción, tales coma galerías ou miradoiros, non puidéndose pecharse con elementos opacos en mais do 50% da súa superficie.
A dimensión dos voos serán as definidas nas condicións xerais de edificación e unha altura de 3,5 metros.
- Balcóns: Nos corpos voados non se autorizan a sobresaír sobre o voo permitido con balcóns. No resto dos casos, a súa dimensión máxima será de 60 cm.
- Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, será obrigatoriamente de planta baixa e unha altura máxima de 3 metros, non superando, en ningún caso, os 30 m² de superficie. Sempre que superen os 15 m², non poderán autorizarse sen a existencia de edificación principal.
- Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saínte de cornisas e aleiros será de 0,40 metros.
- Cubertas, materiais: As cubertas resolveranse prioritariamente a dúas augas, empregando en cualquier caso coma material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos do aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

Condições ambientais e estéticas:

Os edificios ficarán integrados na unidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e de ocos de pedra, os balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Adoptaranse solucións tipolóxicas propias do entorno.

Prohibense os muros de bloque sen revestir e pintar.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E8001559C700X6K4C8U1L8G4 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 24/09/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 24/09/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 24/09/2024 16:52:36</p>	<p>DOCUMENTO: 20241399239 Fecha: 24/09/2024 Hora: 16:52</p>
---	---	---



Na carpintería exterior do edificio, poderanse empregar madeira, ferro, aluminio, ou plástico sempre que estén pintados, lacados ou coloreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas – ocós: con respecto á fachada as novas edificacións manterán o ritmo e a forma das actuais, colocando as carpinterías de ocós no pano que sexa tradicional.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase dentro da área de protección dun elemento catalogado, polo que para poder levar a cabo calquera actuación na parcela, será preciso achegar autorización do Servizo Provincial de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

12.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Sergio Regueira Muñiz

Visto o escrito presentado por **Sergio Regueira Muñiz**, de data 12/08/2024 (Registro de entrada nº 0812_005), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A010000550000KT.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 13/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 20240812_005 do día 12 de agosto de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitud de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A010000550000KT, no seu plano 8.6. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Castro), a escala E:1/2000 como solo de núcleo rural, estando parte da parcela cualificada coma solo de núcleo rural consolidado (SNR-A), artigo 133 do PXOM, e outra porción de parcela coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:



- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural Consolidado, S.N.R.A., artigo 133 do PXOM:**

Comprende esta ordenanza as áreas de solo mais consolidado das aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración
- ampliación
- obra nova

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, se manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroadada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 200 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie, excepto en aqueles casos de parcelas entre paredes medianeiras.

Fronte mínimo: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. e se cumpran o resto das condicións de edificación.

CONDICIONES DE OCUPACIÓN

Posición: Se terán en conta os seguintes criterios:

- En áreas consolidadas: as que resultan coherentes cas aliñacións das edificacións existentes e do viario regularizado, buscando sempre que sexa posible unha aliñación



- paralela a algún tramo do viario.
- En áreas pouco consolidadas: a fachada da edificación que de fronte ao viario ha de ser, necesariamente, paralela ao eixe do viario existente ou regularizado ou de nova apertura; cando o viario a que de fronte sexa curvo, á corda que una os extremos da parcela no seu interior co borde do viario, e se aplicará a normativa viaria.

Non obstante poderán autorizarse excepcionalmente distancias menores en áreas compactas cando ao aplicarse a normativa quedasen fora de aliñación edificacións existentes e se permita coma mínimo unha sección viaria de 5 metros.

A edificación poderá ser exenta ou acaroada, permitíndose acaroar cando exista medianeira vista ou si se trata dun proxecto de edificación conxunta ou existise acordo entre lindantes. Nos outros casos o recuado a lindeiros debe ser coma mínimo de 3 metros.

Ocupación máxima na parcela: 50 %

CONDICIÓN DE EDIFICACIÓN

Edificabilidade máxima: 1,25 m²/m²

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e o aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por cima do último forxado.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, como galerías e miradoiros.

As características e dimensións destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de 3,0 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 metros cadrados.

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocós de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.



Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste último caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor.

- **Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, SNR-B, artigo 134 do XPOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas las áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación esta ocupado ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocós de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e adosada. Manterase o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓNS DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.



Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poda derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas aplicarase a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroada a la parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En cualquier caso, tratase de ocultar medianeiras, non creando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DE LA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por encima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dicha altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías y miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.



Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de peche, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados non proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza extraña ao medio, coma os peches de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor

Segundo o artigo 90 do PXOM, cando nunha parcela concorran diferentes cualificacións do solo , terase en conta a que corresponda ca ubicación da edificación, podendo computarse o resto do solo que presente distinta cualificación, se ben, ficará vinculado ao edificio. Se a edificación ocupa dous tipos de solo, terá que cumprir os estándares do mais esixente.

5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase, parcialmente, dentro de zona de policía de canles, polo que deberá solicitar autorización a Augas de Galicia, para executar obras na zona afectada.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Fátima Willisch Elorduy

Visto o escrito presentado por **Fátima Willisch Elorduy**, de data 16/08/2024 (Registro de entrada nº 20.610), no que solicita certificación urbanística en relación á vivienda con refª catastral nº 0912583NH0111S0003ZT e sita en edificio na Rúa Cervantes nº 15, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 20/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á vivienda con refª catastral nº 0912583NH0111S0003ZT e sita en edificio na Rúa Cervantes nº 15, Ribeira.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

7643 27.03.2024 JESÚS PAZ GONZÁLEZ, primeira ocupación para vivienda unifamiliar situada no lugar de Martín, Ribeira.



15.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO (XXV CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA – MEMORIAL MIGUEL RUIZ)

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, de data 19/08/2024, relativa á aprobación do prezo público aos participantes da “XXV Carreira Popular Santa Uxía – Memorial Miguel Ruiz”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polos departamentos de Intervención e Tesourería, de data 20/08/2024.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

1º.- Aprobar o establecemento dun prezo público de 6,00 €, unicamente para os participantes na “Carreira Popular Sta Uxía- Memorial Miguel Ruiz” e de 5 € para os que participen no Circuito de Carreiras Populares Barbanza Arousa, en base a **Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello**, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía), establece que, “A estes efectos, con carácter previo ó inicio das actividades, a Xunta de Goberno Local, en base ós informes previos do Xefe de cada Servizo ou Dependencia e da Intervención Municipal sobre os custos soportados polo Concello, establecerá o prezo concreto de cada actividade, que conforme o artigo 44.1 do R.D.L. 2/2204, deberán cubrir como mínimo o custe do servizo prestado ou da actividade a realizar.”

“Non obstante o anterior, conforme ó disposto no artigo 44.2 do R.D.L. 2/2004, cando exista razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a Xunta de Goberno Local poderá fixar prezos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nesto supostos deberán consignarse nos orzamentos da Entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbera.”

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.oderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

16.- AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN 2024-2025 (Listados provisionais)

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 20/08/2024, relativa ás axudas á escolarización 2024-2025, na que expón:

“En referencia á seguinte táboa orzamentaria;

Partida orzamentaria:	TOTAL	
231A.48015	COMEDORES ESCOLARES	60.000 €
	ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR	4.000€

E Segundo as Bases reguladoras das axuda á escolarización para o curso académico 2024/2025, a Comisión Avaliadora despois da valoración das solicitudes presentadas, propón os seguintes gastos;

➤ **Libros de texto, material escolar e material didáctico:**

Solicitudes presentadas e valoradas 197 solicitudes;

- 53 concedidas dentro do limite orzamentario de 4000 euros. O gasto total é de 3.975,00€



- 131 Denegadas por non cumprir as bases establecidas. A meirande parte solicitaban para primaria, que teñen axuda a través da comunidade autónoma, é incompatible coa municipal.
 - Gasto total: 3.975,00 €

➤ Axudas de comedor escolar:

Solicitudes presentadas e valoradas 185;

- 108 concedidas ata límite de crédito orzamentario: 8 solicitudes de 5€ diarios, 100 solicitudes de 3€ diarios..
- Denegadas 59 solicitudes por non cumprir as bases publicadas. E 18 solicitudes denegadas por falta de credito orzamentario

Gasto total: 59.840,00 €.-o orzamento aprobado foron 60.000 euros para comedor escolar.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar os seguintes gastos (provisionais) relativos ás axudas á escolarización 2024-2025:

➤ Libros de texto, material escolar e material didáctico:

Solicitudes presentadas e valoradas 197 solicitudes;

- 53 concedidas dentro do limite orzamentario de 4000 euros. O gasto total é de 3.975,00€
- 131 Denegadas por non cumprir as bases establecidas. A meirande parte solicitaban para primaria, que teñen axuda a través da comunidade autónoma, é incompatible coa municipal.
 - Gasto total: 3.975,00 €

➤ Axudas de comedor escolar:

Solicitudes presentadas e valoradas 185;

- 108 concedidas ata límite de crédito orzamentario: 8 solicitudes de 5€ diarios, 100 solicitudes de 3€ diarios..
- Denegadas 59 solicitudes por non cumprir as bases publicadas. E 18 solicitudes denegadas por falta de credito orzamentario

Gasto total: 59.840,00 €.-o orzamento aprobado foron 60.000 euros para comedor escolar.”

17.- SOLICITUDE PARA COLOCACIÓN DE PRACA-HOMENAXE NO PASEO DE CASTIÑEIRAS – José Antonio Crujeiras Sampedro

Visto o escrito presentado por **José Antonio Crujeiras Sampedro** en representación de varios veciños de Castiñeiras, de data 29/07/2024 (Rexistro de entrada nº 19.266), no que solicita autorización para colocar unha praca no paseo de Castiñeiras, en homenaxe aos uns dos fundadores do Grupo “Herdeiros da Crus” (Antonio Ageitos Ares e Antonio Novo Suárez); así como a colaboración municipal subvencionando a adquisición da dita praca.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a colocación dunha praca no paseo de Castiñeiras, en homenaxe aos uns dos fundadores do Grupo “Herdeiros da Crus” (Antonio Ageitos Ares e Antonio Novo Suárez); así como a colaboración municipal subvencionando a adquisición da dita praca.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 15:15 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

